



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Sistemas de información		Código	611448011
Titulación	Mestrado Universitario en Banca e Finanzas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Financeira e Contabilidade			
Coordinación	Piñeiro Sanchez, Carlos	Correo electrónico	carlos.psanchez@udc.es	
Profesorado	Piñeiro Sanchez, Carlos	Correo electrónico	carlos.psanchez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	Esta materia pretende proporcionar unha formación básica en materia de sistemas de información, dende a perspectiva da xestión das empresas. O sistema de información defínese como unha infraestrutura destinada a facilita-la toma de decisións proporcionando os datos e os modelos de análise precisos para avaliar problemas e adoptar decisións. En termos organizacionais, o sistema de informasción ocúpase da xestión dos recursos de información, que se relacionan cos activos intanxibles. A infraestrutura TIC subxacente no sistema pode facer posible que a empresa se introduza en novos modelos de negocio, e desenvolva estruturas organizativas máis flexibles e eficientes.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Explotación da información dispoñible para a planificación e a toma de decisións.
A8	Coñecemento da normativa contable relevante para entidades e instrumentos financeiros.
A11	Desenvolvemento dun sistema de información: fases e puntos críticos, perfil profesional e funcións dos profesionais implicados e sistemática para especificacións funcionais.
A12	Análise global de sistemas de información específicos: empresas fabrís, comerciais, de servicios en xeral e entidades financeiras.
B1	Habilidades lingüísticas básicas.
B2	Planificación para a resolución de problemas.
B3	Uso adecuado dos medios e sistemas de información dispoñibles.
B4	Habilidades informáticas.
B5	Habilidades de presentación oral e escrita.
B6	Pensamento crítico e avaliación das accións propias e alleas.
B10	Habilidades interpersonais, saber relacionarse con outros.
B12	Preocupación pola calidade, por facer as cousas ben.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Comprende-la natureza dos procesos de decisión, e o papel da información	AP2 AP8		
Saber analizar e deseñar un sistema de información, dende a perspectiva de xestión da empresa	AP2 AP11 AP12		
Comprende-lo papel das TIC no desenvolvemento de novas formas de organización e de facer negocios	AP12		CM3 CM4 CM6
Desenvolve-las habilidades para o traballo cooperativo e en equipo		BP2 BP10	
Capacidade para analizar problemas e situacións novas, buscando información ou referencias relevantes e aplicándoas racionalmente á situación en curso		BP2 BP3 BP4 BP12	CM3 CM7 CM8
Planear e afrontar con acerto a defensa dun traballo ou proxecto		BP1 BP5 BP6 BP12	CM1 CM2 CM3 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Fundamentos de sistemas de información	Decisións empresariais O papel da información
Os sistemas transaccionais	TPS EDI Data Warehousing e Data Mining
Os sistemas orientados á decisión	MIS DSS ERP
Aspectos organizacionais e estratéxicos	A integración do sistema de información e a estratexia empresarial O impacto das TIC na estrutura organizacional
O mundo da Internet. Comercio-e... e máis	Comercio electrónico Seguridade
Problemática de xestión	Avaliación de investimentos en TI Os procesos de reestructuración A externalización A xestión do coñecemento Os activos invisibles

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	8	16	24
Sesión maxistral	11	33	44
Proba obxectiva	1	5	6
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Estudo e debate de casos de traballo
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos básicos de cada capítulo
Proba obxectiva	Proba de avaliación de tipo test. As características concretas da proba (número de preguntas, penalización por erros, etc.) detallaránse no seu momento.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	A atención personalizada pretende axudar ó alumno no seguemento da materia e o desenvolvemento das tarefas persoais.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	Grao de asimilación das nocións e conceptos básicos, e de desenvolvemento das habilidades correspondentes á materia	70
Estudo de casos	Grao de comprensión dos problemas ou cuestións formulados, capacidade analítica, flexibilidade interpretativa, capacidade para identifica-los problemas de fondo e aportar solucións, capacidade para buscar información; aptitudes para a colaboración e o traballo en equipo	30

### Observacións avaliación



Os

criterios para o cómputo da cualificación son aplicables con total uniformidade nas "oportunidades" de Xuño e Xullo. Nesta última tamén son puntuables, coa ponderación sinalada, as actividades persoais dos alumnos.

As tarefas

deben entregarse nas datas, polos procedementos, e cos requisitos de contido que se sinalen en cada caso; puntuaranse como cero cando se incumpran estas condicións, e tamén cando sexan desenvolvidas en fraude. O plaxio total ou parcial terá a interpretación de fraude, coas consecuencias académicas que se deriven.

Salvo

autorización expresa por parte dos profesores, os móbiles, ordenadores e aparellos electrónicos similares permanecerán en todo momento fóra da vista, e durante os exames deberán ademais estar apagados. O incumprimento destas normas ou o uso indebido destes aparellos serán causas de expulsión.

O exame

versa sobre os obxectivos didácticos, competencias e contidos da materia, de acordo con esta guía e coas indicacións que se realicen durante o curso, e de conformidade cos tempos de traballo presencial e autónomo que deben render os alumnos. Caso de se considerar conveniente publicarase un documento de "normas de exame" con aclaracións adicionais de cara á realización da proba.

Cualificarase

a tódolos alumnos que accedan á aula de exame.

Para

libera-la materia é preciso que a cualificación do exame sexa igual ou superior a tres puntos sobre un total de sete. Os alumnos que non cumpran esta condición terán unha cualificación global igual á do exame.

A comisión de fraude na realización das prácticas, dos exames, ou de calquera outra actividade da materia poderá implicar que o alumno deba examinarse de forma oral ante un Tribunal composto polo equipo docente da materia, sen perxuízo doutras consecuencias académicas que se poidan derivar.

A cualificación "non presentado" outorgarase seguindo as directrices xerais da Facultade: "corresponde

ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada".

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Laudon, K. (2009). Essentials of management information systems . Londres: Pearson
- Willcocks, L. (1996). Investing in information systems evaluation and management . Londres: Chapman & Hall
- Escobar, B. (1997). La evaluación económica de los sistemas de información . Sevilla:Universidad de Sevilla
- Arjonilla, S. (2007). La gestión de los sistemas de información en la empresa : teoría y casos prácticos . Madrid: Pirámide
- Sieber, S. (2005). Los sistemas de información en la empresa actual aspectos estratégicos y alternativas tácticas . Madrid: McGraw - Hill
- McLeod, R. (2000). Sistemas de información gerencial. México: Prentice Hall
- Piñeiro, C. (2002). Sistemas y tecnologías de la información en la empresa. Una perspectiva de gestión. Santiago: Tórculo

### Bibliografía complementaria



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

A bibliografía amosada nesta guía refírese ós aspectos xerais da materia. Complétase con fontes e referencias específicas para cada capítulo, que se proporcionarán oportunamente.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías